

LAGARTIXA DAS BRAÑAS

(*Lacerta vivipara*)

Castelán: Lagartija de turbera.

Os últimos exemplares de lagartixa das brañas que aínda sobreviven en Galicia, ailladas en altos cumios das máis frías das nosas serras, son unha reliquia do período glacial. Naquela época, empurrada polos xelos do norte, esta especie alcanzou a nosa terra seguindo a Cordilleira Cantábrica.

Despois, ó quentarse outra vez o clima, ficou aillada en dúas serras do norte do país. Hoxe xa só se pode contemplar esta pequena lagartixa en Galicia, cun pouco de sorte, nas altas brañas de Ancares e Xistral, lembrándonos o seu enorme interese bioxeográfico.

O corpo, pequeno e alongado, é cilíndrico, non aplastado, como tampouco a cabeza, curta, elevada e roma, proporcionalmente pequena. Os membros son, así mesmo, curtos. Os exemplares adultos miden entre 45 e 65 mm. de lonxitude da cabeza e máis o corpo (machos: 44-55 mm., femias: 45-65 mm.), sendo a cola, bastante grosa, de 1,5 a 2 veces esta lonxitude.

Ten as escamas dorsais relativamente grandes e as ventrais cos bordes oblicuos. O colar presenta o borde aserrado.

A cor dorsal é parda, oscilando entre marrón escura ou gris parda e parda ocrácea. Ten unha liña negra vertebral, ben marcada e continua. Tamén están ben sinaladas as liñas claras dorsolaterais, de cor amarelada, xeralmente continuas e orladas de liñas ou puntos negros.

Dimorfismo. Os machos son máis pequenos cás femias, coa cabeza proporcionalmente máis grande e a base da cola moi grosa pola presenza dos hemipenes. Na parte inferior as femias son uniformemente ocráceas ou abrancu-

xadas, mentres os machos teñen unha contrastada coloración: gorxa branca e ventre marelo vivo ou alaranxado cunha mancha negra en cada escama.

Distribución. Sumamente rara en Galicia, coñécense unicamente pequenas poboacións na Serra do Xistral, a 1.000 metros de altitude, e na Serra dos Ancares a 1.700 m., ambas na provincia de Lugo. Ten na nosa terra o límite suroccidental da súa inmensa distribución eurasiática, xa que ocupa a maior parte de Europa, evitando a área mediterránea, e boa parte do norte de Asia e chega ata as costas pacíficas. Na Península Ibérica só ocupa a franxa Cantábrica e os Pirineos. É un dos poucos réptiles que traspasa o Círculo Polar Ártico.

Variación. En contraste coa enorme área xeográfica que ocupa, parece ser monotípica (*Lacerta vivipara* Jacquin, 1787), non sendo descritas subespecies. Dentro da Península pensouse que as poboacións galegas e as da Cordilleira Cantábrica estaban ailladas das pirenaicas, e que eran de coloración máis escura; sen embargo hoxe sábese que a súa distribución é continua e que a variabilidade de coloración non parece presentar tendencias xeográficas.

Hábitat. En Galicia encóntrase restrinxida a zonas moi húmidas e frías da alta montaña, como brañas ou herbeiras higroturbosas por enriba dos 1.000 ou 1.500 m. En contraste coas outras lagartixas non vive vencellada ás pedras ou ó solo enxoito, senón que ocupa solos permanentemente húmidos con vexetación de liques das brañas (*Sphagnum*) queirugas de baixo porte (*Erica tetralix*), etc. Nunca se alonxan moito da auga, onde lles gusta mergullarse.

Actividade. Moi condicionada polas duras condicións climatolóxicas das serras que habitan. Permanecen en hibernación, entre as raíces do mato e das herbas, ás veces baixo grosas capas de neve, entre outubro e abril (máis da metade do ano), pero poden prolongar a inactividade moito máis

tempo en anos de mala climatoloxía. En xeral non hai actividade con temperaturas inferiores ós 12° C no aire e 4-6° C no chan. Os machos son os primeiros en mostrarse activos na primavera, varias semanas antes das femias.

Asoléanse sobre as queirugas ou outras plantas, refuxiándose entre elas á menor alarma aínda que con movementos menos áxiles que outras lagartixas. A actividade céntrase nas horas do mediodía na primavera e nos comezos do outono, mentres que no verán dáse en dous períodos, pola mañá e polo serán, ocultándose nas horas de máis calor.

Reproducción. A lagartixa da braña é a única especie de lacértido vivíparo, pero as poboacións galegas, coma tódalas do norte de España, son ovíparas.

O período de celo prodúcese entre abril e xuño; durante el, os machos perseguen ás femias e teñen lugar os apareamentos. A cópula é de duración variable, citándose tempos entre 5 e 53 minutos, aínda que hai citas de tan só 15 segundos. O macho, coma os outros lacértidos, mantén suxeita a femia mordéndoa nas costas do ventre.

O período de gravidez das femias, isto é, o tempo que permanecen os ovos dentro dos oviductos, é máis prolongado que nos outros pequenos lacértidos. Durante el dáse un considerable desenrolo oviductal dos embrións, que superan o estadio 30 da clasificación de Dufaure e Hubert (1961), indo do estadio 30 ó 34 no momento da posta dos ovos (Braña et al., 1991).

A postura dos ovos ten lugar durante o mes de xullo, podendo as femias máis novas, de menor tamaño (45-50 mm.), retrasarse ata primeiros de agosto. Unicamente ten lugar un único período de posta ó ano, a diferenza das outras especies de pequenos lacértidos do país, que teñen varias. Non hai datos dos lugares de postura en Galicia, pero en Asturias observáronse agrupamentos de postas baixo a mesma pedra.

Os ovos son moi semellantes ós dos outros lacértidos, con casca branca, opaca e pergamiñosa. Mantéñense pegados uns ós outros formando cada posta un paquete. O número por postura oscila entre 2 e 11, cunha media, en Asturias, de 6,35. As femias máis pequenas só poñen entre 2 e 5 ovos. Miden 9,3-11,2 x 5,7-7,0 no momento da posta.

Como consecuencia do largo desenrolo oviductal dos ovos, o período de incubación é curto, de pouco máis dun mes (35 a 45 días en laboratorio), producíndose as eclosións dos xuvenís dende mediados de agosto.

Xuvenís. Moi escuros, case negros, os recién nacidos miden uns 19 mm. de lonxitude da cabeza e máis corpo, oscilando entre 18 e 21, e medindo a cola entre 1,1 e 1,4 veces esta lonxitude.

Crecemento. Moi ben estudiado en certas poboacións centroeuropeas. Cando se retiran a invernar por primeira vez, con dous meses de vida, miden entre 24 e 27 mm.; no mes de maio do ano seguinte, entre 36 e 43 mm.; posteriormente, o crecemento diminúe, sendo de 0,13 mm./día nos subadultos e de 0,01 a 0,08 mm./día nos adultos. Acadan a madurez sexual ós dous anos, cun tamaño de 45 a 48 mm.

Lonxevidade. Nas poboacións dos Pirineos a esperanza de vida non é maior de 4 anos.

Alimentación. Consumen unha gran variedade de pequenos invertebrados, principalmente arañas de terra (ata o 30 % da dieta) e tamén gasterópodos e insectos de reducidas dimensións, como homópteros, colémbolos, dípteros, etc.

Depredadores. Poucas especies de réptiles comparten as húmidas brañas onde viven estas lagartixas, pero a víbora de Seoane, *Vipera seoanei*, e a cobra lagarteira común, *Coronella austriaca*, están ben adaptadas a estes medios e son consumados depredadores de lagartixas. Pequenas aves rapaces e mustélidos tamén as cazan ocasionalmente.

Demografía. Completamente descoñecida nas poboacións galegas. Noutras partes de Europa, ben estudias, a proporción de sexos é moi equilibrada, próxima a 1:1. A densidade de poboación é enormemente variable, oscilando entre 78 individuos por Ha. en Rusia ata 538 en Austria. Nos Pirineos varía entre 200 e 400. Pensamos que nas serras galegas ha ser bastante menor.

Os dominios vitais dos exemplares adultos son tamén moi variables; nos Pirineos oscilan entre 10 e máis de 3.000 metros cadrados (media de 540 m²). Soen ter, dentro deles, refuxios fixos ós que volven a durmir cada noite; sen embargo, os límites destas áreas son pouco definidas, desprazándose delas con certa frecuencia.

Comportamento. En xeral é moito máis torpe e lenta cás outras lagartixas; as súas curtas patas fan dela unha mediocre corredora polos terreos abertos, e tampouco é boa trepadora de rochas. Pola contra, lisca con bastante axilidade entre a vexetación de queirugas e herbas onde vive.

Estatus en Galicia. Dado que as poboacións desta especie en Galicia son sumamente raras e localizadas, debería selle outorgar unha protección especial a ela e, sobre todo, ós hábitats que ocupa na alta montaña.



▲ Lagartixa das brañas
(*Lacerta vivipara*). Macho
adulto.



◀ Lagartixa das brañas
(*L. vivipara*). Femia adulta.

▼ Vista ventral de *La-
certa vivipara* , machos (es-
querda e centro) e femia (de-
reita).

